

5. FOGAR DIXITAL

Desenvolvemento de servizos que achegan ao fogar do paciente **todos os servizos que é posible ofertar a distancia grazas ás novas tecnoloxías.**

O obxectivo das ferramentas deseñadas é mellorar a calidade asistencial á vez que se facilita a experiencia ao paciente levando directamente ao seu fogar:

- **Actividades asistenciais** nas que a presenza do paciente non proporciona valor clínico.
- **Tarefas administrativas e trámites burocráticos** que viñan esixindo o desprazamento dos pacientes e que supoñen consumo de tempo para os profesionais.
- **Apoios domiciliarios de coidados** que se poden prestar de xeito non presencial.
- **Información** que se pode resolver sen contactar co seu médico ou enfermeira.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de **A Coruña e Lugo-Monforte-Cervo.**